

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN PARA O INGRESO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, NO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DA SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, SA

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA (en adiante SPI Galicia) é unha sociedade constituída mediante a aprobación do Parlamento de Galicia segundo o disposto na Disposición Adicional número 12 da Lei 11/1996, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 1997. SPI Galicia SA, constitúese mediante o Decreto 56/1997, do 6 de marzo, publicado no DOG de Galicia do 20 de marzo de 1997.

En cumprimento da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en materia de persoal e contratación, SPI Galicia, dependente da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, acorda esta convocatoria de selección de persoal.

As presentes bases constitúen un conxunto de instrucións, normas e especificacións que rexerán a contratación de persoal de duración indeterminada baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, transparencia e non-discriminación.

1) Obxecto da convocatoria

O obxecto do proceso selectivo será a selección e posterior contratación de varios postos de traballo, que figuran no Anexo B deste documento, polo procedemento de concurso-oposición, para a súa cobertura por tempo indefinido.

2) Réxime xurídico da contratación

O presente contrato regularase polo disposto na lexislación vixente que resulta de aplicación e particularmente polo DECRETO 209/2022, do 17 de novembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal laboral de entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 co obxecto da posta en marcha e funcionamento de novos servizos públicos. Esta contratación revestirá a modalidade contractual laboral por tempo indefinido.

3) Requisitos dos/as aspirantes

Os/as candidatos/as, para poder participar neste proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Poderán participar no proceso selectivo, as persoas que cumpran algunha das seguintes características:
 - a. Ter nacionalidade española.
 - b. Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.
 - c. Ser nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificado por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
 - d. Calquera que sexa a súa nacionalidade, tamén poderán participar os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.
 - e. Ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos apartados anteriores.
2. Ter cumpridos dezaséis (16) anos de idade.
3. Posuír e acreditar o TÍTULO que figura no Anexo B.1 para o posto correspondente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que xustifique a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes. O requisito da homologación non será aplicable aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito Comunitario (Directiva 89/48/CEE, Directiva 2005/36/CE e RD 18 37/2008).
4. Coñecemento da lingua galega (acreditado con copia simple do título de perfeccionamento en lingua galega ou CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística). Os/as aspirantes que non estean en posesión da devandita titulación deberán realizar unha proba eliminatoria, cuxa valoración será de apto ou non apto.
5. Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.



6. No caso de persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no que fora separado o inhabilitado.
7. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
8. Requisitos particulares: os indicados no Anexo B.1 para cada posto.

4) Documentación a presentar obrigatoriamente

A omisión de calquera dos seguintes documentos será motivo de exclusión no proceso de selección:

1. Solicitud asinada dirixida ao Presidente de SPI Galicia no modelo Anexo A.1, indicando a referencia do posto.
2. Modelo asinado de datos persoais para cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 (GDPR), Ley Orgánica de Protección de Datos y *Garantía de Derechos Digitales (LOPDGDD, de la Ley 3/2018 de 5 de diciembre)*, no modelo Anexo A.2.
3. Xustificante bancario de ter aboado a taxa correspondente ou documento xustificativo de estar exento total ou parcialmente da mesma no modelo Anexo A.3.
4. Currículum vitae (CV), no que se fará constar a concorrencia dos requisitos esixidos e puntos valorados segundo as bases desta convocatoria.
5. Fotocopia simple do título esixido para o posto no Anexo B.1, ou documento que acredite de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico
6. Fotocopia simple do D.N.I. ou pasaporte. Os/as aspirantes que non teñan a nacionalidade española, acreditarán que concorren as circunstancias previstas na base 3.1.
7. Fotocopia simple do expediente académico referido á titulación esixida no Anexo B.1.
8. Fotocopia simple do título de perfeccionamento en lingua galega, do CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística. Se non se presenta esta documentación, deberá facer unha

proba no momento que se indique no proceso de selección, cuxa valoración será apto/a ou non apto/a.

9. Fotocopia simple da xustificación de cada un dos méritos a valorar especificados no Anexo B.2.2 da Fase 2 de baremación de méritos. Só se valorarán os méritos que teñan unha xustificación documental axeitada.
10. Modelo para a valoración de méritos segundo as instrucións do Anexo B.3.

O aspirante seleccionado/a deberá presentar nas dependencias de SPI Galicia, dende a data da resolución, no prazo de días naturais que fixa o Anexo B.1, a seguinte documentación:

1. Fotocopia compulsada do D.N.I. ou pasaporte. Os/as candidatos/as que non teñan a nacionalidade española, acreditarán documentalmente que concorren as circunstancias previstas na base 3.1.
2. Fotocopia compulsada do título presentado para o posto que foi seleccionado/a ou documento que acredite de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico.
3. Orixinal das xustificacións dos méritos alegados para a súa comparación, se é o caso.
4. Fotocopia compulsada do título de CELGA 4, do título de perfeccionamento da lingua galega ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística.

5) Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes dirixidas ao presidente de SPI Galicia, deberán presentarse no modelo normalizado que figura no Anexo A.1 da presente convocatoria.

Presentarásen nas oficinas de SPI Galicia ou remitirásen por correo certificado ás oficinas da sociedade sitas na Rúa Avelino Pousa Antelo, 1 – 2º 15707 de Santiago de Compostela, indicando no sobre a referencia do posto que aparece no Anexo B.1. destas bases ou por correo electrónico á dirección spigalicia@spigalicia.es. No caso do envío por este último medio, toda a documentación terá que vir anexada en formato PDF e só se considerarán válidas as recibidas nas oficinas de SPI Galicia antes da data límite. Deberá indicarse no asunto do mensaxe a referencia do posto que aparece no Anexo B.1. destas bases. Aqueles/as candidatos/as que remitan a súa documentación por correo ordinario, deberano facer por correo certificado e deberano comunicar á sociedade mediante o envío dun correo electrónico a spigalicia@spigalicia.es o mesmo día que entreguen a



documentación, achegando no correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega nas oficinas de correos, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo de admisión de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será o que figura no Anexo B.1 para o posto, contando a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria, no Diario Oficial de Galicia.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a aspirante tanto o erro na súa consignación como a comunicación á SPI Galicia, de calquera cambio nela.

6) Proceso de selección

A selección, efectuarase por unha comisión designada ao efecto para os postos que figuran no Anexo B.1.

O proceso de selección consistirá no seguinte:

1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicaránse as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as ao proceso de selección, con indicación da causa de exclusión, establecéndose o prazo que figura no Anexo B.1 para, a petición do/a interesado/a, reparar calquera erro que sexa subsanable; neste período de emenda soamente pode rectificarse a documentación aportada, e nunca se poderá aportar nova documentación. Así mesmo, nas listas, especificarase a data, hora e lugar para a realización da proba de galego para os/as candidatos/as que non teñan acreditados estes requisitos, no caso de ser necesarios. A proba de coñecemento de galego consistirá na tradución dun texto de castelán a galego.

A duración da proba será dun máximo de trinta (30) minutos. Todas as publicacións, relativas ao proceso selectivo, faránse na páxina web de SPI Galicia www.spigalicia.es

Tras realizar a probas de galego, se foran necesarias, publicaránse as listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as coa cualificación da proba de galego, establecéndose un prazo de días naturais, que figura no Anexo B.1. para alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.

2. A selección dos candidatos será efectuada polo procedemento de concurso-oposición, que constará de dúas fases: unha primeira fase de proba escrita de

coñecementos e unha segunda fase de valoración de méritos.

- a. A Primeira Fase, que supón o 60% da puntuación final do proceso, consistirá na superación dunha proba escrita dos coñecementos sobre as materias relacionadas coa especialidade do posto ao que se opta, e que se indican no Anexo B.2.1. Será de carácter eliminatorio e obrigatorio.

A proba consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cen (100) preguntas tipo test.

O exercicio disporá de cinco (5) preguntas de reserva. As preguntas terán tres (3) respostas alternativas das que só unha delas será a correcta.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha deas preguntas do exercicio.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de noventa (90) minutos.

As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

Superarán o exercicio as persoas aspirantes que acaden o mínimo do 70 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

De darse o caso de que o número de aspirantes que superasen este exercicio non sexa o previsto no parágrafo anterior, rebaixarase ao mínimo do 60 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

O exercicio cualificarase de 0 a 100 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de setenta (70) puntos. Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta. A data de realización deste exercicio non terá lugar antes dos tres (3) meses posteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.

As persoas aspirantes serán convocadas en un único chamamento, sendo excluído do proceso selectivo quen non compareza, e deberán presentarse para a realización do exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Finalizada esta primeira fase de examen, publicarase unha lista provisional coa valoración da proba escrita de coñecementos na páxina web da Sociedade (www.spigalicia.es). Establecerase un prazo de días naturais, que figura no Anexo B.1, contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista, para presentar alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.

Rematado o prazo de reclamacións, publicarase a lista definitiva coa valoración da proba escrita de coñecementos.

Pasarán a seguinte fase aquelas persoas que acaden unha puntuación igual ou superior a setenta (70) puntos.

- b. A Segunda Fase, que supón o 40% da fase final do proceso, consistirá na valoración dos méritos alegados polos aspirantes que se puntuarán de acordo co baremo establecido no Anexo B.2.2. Finalizada esta segunda fase da valoración dos méritos, a Comisión publicará na páxina web da Sociedade (www.spigalicia.es), a listaxe provisional da puntuación de todos/as os/as aspirantes, establecéndose un prazo de días naturais, que figura no Anexo B.1, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para presentar alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.

A valoración dos méritos terá unha puntuación máxima de 100 puntos. Pasarán esta fase as valoracións dos candidatos que obteñan unha puntuación igual ou superior a setenta (70) puntos.

Rematado o prazo de reclamacións, publicarase a lista definitiva coa valoración de méritos.

3. Finalizada esta segunda fase, a Comisión publicará na páxina web da Sociedade (www.spigalicia.es), un acordo coa listaxe da puntuación final dos/as aspirantes que virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada unha das fases (proba escrita de coñecementos e valoración de méritos), establecéndose o prazo de días naturais que figura no Anexo B.1, para alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.
4. Finalizada a fase de alegacións, a comisión publicará, na páxina web da Sociedade (www.spigalicia.es), o resultado da selección.

Todas as reclamacións dirixidas ao presidente de SPI Galicia, deberán presentarse nas oficinas de SPI Galicia ou remitiránse por correo certificado ás oficinas da sociedade sitas na Rúa Avelino Pousa Antelo, 1 – 2 º 15707 de Santiago de Compostela, ou por correo electrónico á dirección spigalicia@spigalicia.es. No caso do envío por este último medio, toda a documentación terá que vir anexada en formato PDF e só se considerarán válidas as recibidas nas oficinas de SPI Galicia antes da data límite. Deberá indicarse no asunto do mensaxe a referencia do posto que aparece no Anexo B.1. destas bases. Aqueles/as candidatos/as que remitan a súa documentación por correo ordinario, deberano facer por



correo certificado e deberano comunicar á sociedade mediante o envío dun correo electrónico a spigalicia@spigalicia.es o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega nas oficinas de correos, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo de admisión de reclamacións.

O prazo de presentación das reclamacións será o que figura no Anexo B.1 para o posto.

O enderezo que figure nas instancias considerarase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á SPI Galicia, de calquera cambio nela.

7) Criterios de desempate

No caso de empate, de conformidade co disposto no artigo 49 do Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no suposto de existir infrarrepresentación de sexo feminino (entendendo por tal cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), o empate resolverase a favor da muller. De persistir o empate, será de aplicación a orde alfabética que se estableza en virtude do Regulamento de Selección de Persoal da Administración Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo, (DOG 25 de marzo). Para o ano 2022, segundo Resolución do 28 de xaneiro de 2022 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 24, do 4 de febreiro de 2022), a orde de actuación das persoas aspirantes empezará por aquelas cun primeiro apelido que comence pola letra "T".

E finalmente de persistir o empate, resolverase por sorteo.

8) Resultado da Selección

A Comisión de Selección propondrá o/a candidato/a ao Presidente da sociedade, que resolverá o proceso de contratación mediante resolución motivada e publicarase a través da páxina web de SPI Galicia (www.spigalicia.es), o resultado da selección co nome das persoas seleccionadas para os diferentes postos.

A Comisión de Selección resérvase a posibilidade de propor ao presidente, en caso de considerar que non se acadou un nivel mínimo, que unha praza determinada sexa declarada deserta.



El contrato será suscrito no prazo máximo dun mes dende a data de publicación da relación de aspirantes aprobados, sendo inmedidata a súa incorporación ao persoal laboral fixo de SPI Galicia, SA.

O tipo de contrato será por tempo indefinido a tempo completo e estará suxeito ao período de proba regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, actuando como órgano de contratación de SPI Galicia, SA o seu Presidente, acto para o que está facultado en virtude do acordo do Consello de Administración do día 20 de decembro de 2022.

9) Comisión de Selección

1. A comisión de selección estará formada, polos membros que figuran no Anexo B.1 para o posto.

O Presidente da Sociedade, en caso de necesidade, poderá nomear suplentes. A Comisión poderá nomear asesores expertos, os cales limitaranse ao exercicio das súas respectivas especialidades e colaborarán coa comisión con base exclusivamente nas mesmas. Os membros da Comisión de Selección estarán en posesión de titulación igual ou superior á do posto obxecto da convocatoria.

En todo caso, SPI Galicia garantirá, na medida do posible, a paridade entre mulleres e homes na designación da comisión de acordo co establecido no artigo 48 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

2. Os membros da comisión absteranse de intervir, notificándollo ao presidente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente solicitará aos membros da comisión de selección declaración expresa de non atoparse incursos nas causas sinaladas de abstención.

Os/as aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de selección cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

3. Para a válida constitución da comisión, para os efectos de realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza in situ ou por videoconferencia ou audioconferencia, de polo menos a metade dos seus

membros, con presenza en todo caso do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Para a toma de decisións da comisión, e demais cuestións da comisión, estarase ao disposto nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

4. Para efectos de comunicación e demais incidentes, a comisión terá como sede as oficinas da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A, sitas na Rúa Avelino Pousa Antelo, 1-2º 15707 de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela (data da sinatura dixital)

O Presidente da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA
Francisco Menéndez Iglesias



A.1. MODELO DE SOLICITUDE

Referencia do Posto:	Data publicación anuncio:
DNI/NIE:	Nome:
Primeiro apelido:	Segundo apelido:
País:	Código postal:
Provincia:	Concello:
Enderezo:	
Correo electrónico:	Móbil/Teléfono de contacto:

FAMILIA NUMEROSA		DE ESPECIAL	CARACTER XERAL
		DE CARACTER XERAL	

DISCAPACITADO	PORCENTAXE	
----------------------	-------------------	--

DEMANDANTE DE EMPREGO	
------------------------------	--

DOCUMENTACIÓN:

- Anexo A.2 datos persoais de candidatos/as:
- Copia DNI
- Currículum Vitae
- Copia da Titulación
- Copia Expediente académico
- Copia Certificado Perfeccionamento da Lingua Galega ou CELGA 4
- Anexo B.3 de valoración de méritos e copia dos xustificantes dos méritos alegados.
- Outra documentación

DECLARACIÓN XURADA:

A persoa abaixo asinante declara baixo xuramento pusuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das ocrrespondentes funcións ou tarefas.

Solicita a participación no proceso de selección convocado pola Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA e referenciado nesta solicitude.

En Santiago de Compostela, de de

Presidente
SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A
Rúa Avelino Pousa Antelo, 1-2º
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)

A.2.MODELO PARA RECABAR DATOS PERSOAIS DE CANDIDATOS/AS A EMPREGO

Referencia do posto:	
DNI:	Nome:
Primeiro apelido:	Segundo apelido:

En cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos, "Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 (GDPR), Ley Orgánica de Protección de Datos y Garantía de Derechos Digitales (LOPDGDD, de la Lei 3/2018 de 5 de decembro)" facilitámoslle a seguinte información que debe ler, antes de asinar a ficha de alta como candidato/a de emprego:

Responsable do tratamento dos datos de carácter persoal:	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA (SPI Galicia), con CIF: A15595275 e domicilio na Rúa Avelino Pousa Antelo, 1-2º 15707 de Santiago de Compostela.
Fins do tratamento:	Os datos persoais facilitados vanse utilizar para a xestión dos procesos de selección de persoal de SPI Galicia
Lexitimación:	Consentimento do/a interesado/a
Destinatarios:	Non se van realizar cesións a terceiros. Non se van realizar transferencias internacionais de datos
Dereitos:	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, como se explica na información adicional.
Información adicional:	Pode consultar a información adicional na Política de Privacidade e Protección de Datos que figura na páxina web de SPI Galicia: https://www.spigalicia.es/Documentos/PoliticaPrivacidad_AvisoLegal_GL.pdf

Consentimento para o tratamento de datos persoais (marcar o recadro)

O/A interesado/a declara ser maior de 16 anos, e presta o seu consentimento para o tratamento dos seus datos de carácter persoal, de acordo coa información facilitada e as condicións expostas na Política de Protección de Datos. Así mesmo, declara ser exactos e veraces os datos facilitados e obrígase a comunicar por escrito á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA, Rúa Avelino Pousa Antelo, 1-2º 15707 Santiago de Compostela, calquera variación ou modificación que se produza nos datos antes referidos.

Santiago de Compostela, de de

Asdo:.....

A.3. PAGO DE TAXAS PARA A CONVOCATORIA DE SELECCIÓN PARA O INGRESO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, NO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DA SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, SA

Deberán pagar a taxa que estea vixente no momento de presentar a solicitude segundo a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co procedemento que se sinala nos seguintes parágrafos.

As persoas aspirantes que sexan membros de familias numerosas deberán indicalo na súa solicitude, e acreditarlo mediante copia compulsado ou orixinal do título de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, segundo se trate.

Os aspirantes deberán indicar no modelo de solicitude si figuran como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego, e acreditarlo da seguinte forma:

1º. Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.

2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, deberán indicalo expresamente na solicitude especificando o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente, e acreditarlo mediante o copia compulsada ou orixinal do certificado de discapacidade.

As persoas aspirantes deberán declarar as circunstancias particulares nas que se atopen relativas ó pago de taxas.

De acordo co sinalado no artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento:



Do importe total da taxa:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. Do 50% do importe:
 - As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
 - As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

Para o pagamento da taxa deberá actuar do seguinte xeito:

Pagamento presencial: deberá imprimir o documento de pagamento, cubri-lo, asinalo e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante.

A Entidade devolverá o importe ingresado en concepto de dereitos de exame a aquelas persoas aspirantes excluídas de maneira definitiva, ou ben que non figuren en ningunha das listaxes, que así o soliciten no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ao da publicación no DOG das listas definitivas de admitidos e excluídos.

Non procederá a devolución do importe aboado en concepto de dereitos de exame nos supostos de renuncia a participar no proceso das persoas aspirantes admitidas provisional ou definitivamente.

ANEXO B: MODELO B.1, B.2 e B.3

**Bases reguladoras da convocatoria de selección para cubrir, polo sistema de concurso, dos
postos:**

Ref: PERS230101. - Arquitecto Superior

Ref: PERS230102. - Arquitecto Técnico



B.1. DESCRICIÓN E REQUISITOS DOS POSTOS:

B.1.1.- Ref: PERS230101.- Arquitecto.-

CATEGORÍA, DENOMINACIÓN	ARQUITECTO. TÉCNICO DE EDIFICACIÓN (A1)
NÚMERO DE PRAZAS A CUBRIR	2
DURACIÓN ESTIMADA DO CONTRATO	indefinido
PROXECTO	OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICACIÓN HOSPITALARIA ENCOMENDADAS A SPI GALICIA S.A.
CONTRATO	Contrato de traballo fixo por tempo completo
DESCRICIÓN	Desenvolver as actividades para a execución dos proxectos e obras sinalados, integrado nun equipo de persoal técnico multidisciplinar, flexible e creativo no que os valores de igualdade, respecto e valoración das potencialidades e circunstancias persoais son fundamentais.
FUNCIÓNS DO POSTO	<ul style="list-style-type: none">- Supervisar e revisar toda a documentación necesaria para a correcta redacción dos proxectos.- Supervisar, revisar e impulsar toda a documentación administrativa necesaria para a correcta xestión dos proxectos.- Propoñer ao seu superior xerárquico modificacións de redacción, calidade, custos e prazos do proxectos a executar.- Supervisar, revisar e impulsar toda a documentación administrativa necesaria para a correcta execución da obra.- Supervisar a realización da proposta de nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.- Supervisar a realización do seguimento orzamentario da execución da obra dando conta ao departamento de edificación de calquera incidencia que puidera existir durante a execución da mesma.- Comprobar as certificación das obras.- Coordinar as relacións entre os distintos organismos públicos promotores das obras e os responsables da execución das mesmas.- Velar pola correcta execución e finalización da obra de acordo co orzamento e prazo estipulados.



		<ul style="list-style-type: none">- Velar polo cumprimento das obrigas asumidas polas empresas externas adxudicatarias dos contratos relacionados co seu área de traballo.- Velar polo correcto cumprimento das prescricións ambientais dos proxectos das obras a executar.- Realizar calquera outra función que lle sexa encomendada polos seus superiores no ámbito das súas competencias-
TITULACIÓN REQUIRIDA		Arquitecto, Grao en Arquitectura ou Master universitario en Arquitectura
REQUISITOS PARTICULARES		Non se esixen
PRAZOS	PRESENTACIÓN SOLICITUDES	20 días naturais
	PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS	3 días hábiles
	PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓN Á LISTAXE DEFINITIVA E CUALIFICACIÓN DA PROBA DE GALEGO	3 días hábiles
	PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN VALORACIÓN PROBA ESCRITA (FASE 1)	3 días hábiles
	PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN A BAREMACIÓN DE MÉRITOS (FASE 2)	3 días hábiles
	PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN A LISTAXE DE PUNTUACIÓN FINAIS (FASE 1 E FASE 2)	3 días hábiles



	APORTACIÓN DOCUMENTACIÓN FINAL POLO/A CANDIDATO/A SELECCIONADO/A	3 días hábiles
	PUNTUACIÓN MÁXIMA FASE 1	60 puntos
	PUNTUACIÓN MÁXIMA FASE 2	40 puntos
	COMISIÓN DE SELECCIÓN	1 Presidente/a 1 Secretario/a 3 Vogais



B.1.2.- Ref: PERS230102.- Arquitecto Técnico.-

CATEGORÍA, DENOMINACIÓN	ARQUITECTO TÉCNICO. TÉCNICO DE EDIFICACIÓN (A2)
NÚMERO DE PRAZAS A CUBRIR	1
DURACIÓN ESTIMADA DO CONTRATO	indefinido
PROXECTO	OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICACIÓN HOSPITALARIA ENCOMENDADAS A SPI GALICIA S.A.
CONTRATO	Contrato de traballo fixo por tempo completo
DESCRIPCIÓN	Desenvolver as actividades para a execución dos proxectos e obras sinalados, integrado nun equipo de persoal técnico multidisciplinar, flexible e creativo no que os valores de igualdade, respecto e valoración das potencialidades e circunstancias persoais son fundamentais.
FUNCIÓNS DO POSTO	<ul style="list-style-type: none">- Impulsar a elaboración e revisión de toda a documentación necesaria para a correcta redacción dos proxectos.- Impulsar a elaboración e revisión de toda a documentación administrativa necesaria para a correcta xestión dos proxectos.- Propoñer ao seu superior xerárquico modificacións de redacción, calidade, custos e prazos do proxectos a executar.- Elaborar e revisar toda a documentación administrativa necesaria para a correcta execución da obra.- Realizar a proposta de nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.- Realizar o seguimento orzamentario da execución da obra dando conta ao departamento de edificación de calquera incidencia que puidera existir durante a execución da mesma.- Elaborar e comprobar as certificación das obras.- Supervisar a correcta execución e finalización da obra de acordo co orzamento e prazo estipulados.- Supervisar o cumprimento das obrigas asumidas polas empresas externas adxudicatarias dos contratos relacionados co seu área de traballo.



		<ul style="list-style-type: none">- Supervisar o correcto cumprimento das prescricións ambientais dos proxectos das obras a executar.- Realizar calquera outra función que lle sexa encomendada polos seus superiores no ámbito das súas competencias
TITULACIÓN REQUIRIDA		Aparejador, Arquitecto Técnico, Grao en Arquitectura Técnica, Grao en Enxeñería de Edificación ou Grao en Ciencias e Tecnoloxías da Edificación
REQUISITOS PARTICULARES		Non se esixen
PAZOS	PRESENTACIÓN SOLICITUDES	20 días naturais
	PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS	3 días hábiles
	PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓN Á LISTAXE DEFINITIVA E CUALIFICACIÓN DA PROBA DE GALEGO	3 días hábiles
	PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN VALORACIÓN PROBA ESCRITA (FASE 1)	3 días hábiles
	PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN A BAREMACIÓN DE MÉRITOS (FASE 2)	3 días hábiles
	PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN A LISTAXE DE PUNTUACIÓN FINAIS (FASE 1 E FASE 2)	3 días hábiles
	APORTACIÓN DOCUMENTACIÓN FINAL POLO/A CANDIDATO/A SELECCIONADO/A	3 días hábiles



PUNTUACIÓN MÁXIMA FASE 1	60 puntos
PUNTUACIÓN MÁXIMA FASE 2	40 puntos
COMISIÓN DE SELECCIÓN	1 Presidente/a 1 Secretario/a 3 Vogais



B.2. FASES DO CONCURSO - OPOSICIÓN

FASE 1	PROBA ESCRITA DE COÑECEMENTOS	Ata 60 puntos
FASE 2	BAREMACIÓN DE MÉRITOS: formación e experiencia	Ata 40 puntos

B.2.1 - FASE 1. PROBA ESCRITA DE COÑECEMENTOS

B.2.1.1.- PROBA ESCRITA DE COÑECEMENTOS **Ref: PERS230101.- ARQUITECTO**

B.2.1.2.- PROBA ESCRITA DE COÑECEMENTOS **Ref: PERS230102.- Arquitecto Técnico.**



B.2.1.1.- TEMARIO EXAMEN PARA EL PUESTO DE ARQUITECTO. TÉCNICO DE EDIFICACIÓN (A1). PROBA ESCRITA DE COÑECEMENTOS Ref: PERS230101.

Tema 1.- A Lei 38/1999, de ordenación da edificación. Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantías.

Tema 2.- Disposicións relacionadas coa edificación. Normas, regulamentos e instrucións.

Tema 3.- Disposicións sobre redacción de proxectos e dirección de obras. O libro de ordes e visitas. O certificado final de obras. Responsabilidade profesional do arquitecto. Intervencións dos colexios profesionais de arquitectos. O visado colexial.

Tema 4.- O Código técnico de edificación. Ámbito de aplicación. Partes e contidos. Xeneralidades e esixencias básicas

Tema 5.- Seguridade estrutural na edificación. DB-SE. Resistencia e estabilidade. Relación con outras normativas estruturais. Normativa de accións na edificación. DB-SE-AE.

Tema 6.- Seguridade en caso de incendios na edificación. DB-SI, e documentos de apoio.

Tema 7.- Seguridade de utilización na edificación. Esixencias básicas SUA 1 a SUA 9 e documentos de apoio.

Tema 8.- Condicións de salubridade na edificación. DB-HS. Esixencias básicas HS1, a HS6.

Tema 9.- Aforro de enerxía na edificación. DB-HE. Esixencias básicas HE0, a HE6.

Tema 10.- A certificación de eficiencia enerxética.

Tema 11.- Condicións acústicas na edificación. Normativa técnica. DB-HR.

Tema 12.- Condicións mínimas de habitabilidade. A normativa galega de habitabilidade.

Tema 13.- Normativa estatal vixente en materia de accesibilidade. Conceptos básicos. Real Decreto 505/2007.

Tema 14.- Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados.

Tema 15.- Normativa autonómica vixente en materia de accesibilidade. Conceptos básicos. O Código de accesibilidade.

Tema 16.- O control de calidade na edificación. As entidades e laboratorios de control de calidade na edificación. Normativa autonómica.

Tema 17.- Seguridade e saúde nas obras de construción. Real decreto 1627/1997.

Tema 18.- Organización de obras: técnicas de programación. Plan de obra. Control do proceso construtivo.

Tema 19.- O contrato de obras: tipos de expedientes de contratación. Formas de adxudicación. Formalización do contrato. Comprobación da implantación.

Tema 20.- Execución do contrato de obras. Dereitos e deberes dos contratistas. Aboamentos ao contratista. Modificación do contrato de obras. Recepción e liquidación. Revisión de prezos.

Tema 21.- Medicións e presupostos para coñecemento da Administración. Valoración das obras executadas. A certificación.

Tema 22.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e a Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese: obxectivos e principios xerais.



- Tema 23.-** Réxime xurídico do solo: dereitos e deberes dos propietarios do solo. A clasificación urbanística do solo. As normas de aplicación directa. Réxime xurídico de aplicación aos concellos con planeamento non adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Tema 24.-** O planeamento urbanístico: os plans como figuras centrais do ordenamento urbanístico. Disposicións xerais sobre o planeamento: sustentabilidade e calidade de vida e cohesión social.
- Tema 25.-** O Plan básico autonómico de Galicia e os plans básicos municipais.
- Tema 26.-** O Plan xeral de ordenación municipal: documentación e determinacións.
- Tema 27.-** O planeamento do desenvolvemento: plans parciais e plans especiais.
- Tema 28.-** Vixencia, modificación e efectos da aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico: o Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia. O réxime do fóra de ordenación.
- Tema 29.-** Os títulos habilitantes municipais de natureza urbanística: licenzas e comunicacións previas.
- Tema 30.-** Os instrumentos de ordenación do territorio (II): Os plans sectoriais. Os proxectos de interese autonómico. Procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio. Modificación, efectos e vixencia dos instrumentos de ordenación do territorio.



B.2.1.1.- TEMARIO EXAMEN PARA EL PUESTO DE ARQUITECTO TÉCNICO. TÉCNICO DE EDIFICACIÓN (A2). PROBA ESCRITA DE COÑECEMENTOS Ref: PERS230102.

Tema 1.- A Lei 38/1999, de ordenación da edificación. Exixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantías.

Tema 2.- Disposicións relacionadas coa edificación. Normas, regulamentos e instrucións.

Tema 3.- Disposicións sobre redacción de proxectos e dirección de obras. O libro de ordes e visitas. O certificado final de obras. Responsabilidade profesional do arquitecto. Intervencións dos colexios profesionais de arquitectos técnicos. O visado colexial.

Tema 4.- O Código técnico de edificación. Ámbito de aplicación. Partes e contidos. Xeneralidades e exixencias básicas

Tema 5.- Seguridade estrutural na edificación. DB-SE. Resistencia e estabilidade. Aptitude ao servizo. Relación con outras normativas estruturais. Normativa de accións na edificación. DB-SE-AE.

Tema 6.- Cimentacións na edificación. DB-SE-C.

Tema 7.- Estruturas de aceiro en edificación. DB-SE-A.

Tema 8.- Estruturas de fábrica en edificación. DB-SE-F.

Tema 9.- Estruturas de madeira en edificación. DB-SE-M.

Tema 10.- Seguridade en caso de incendios na edificación. DB-SI.

Tema 11.- Seguridade de utilización na edificación. Esixencias básicas SUA 1 a SUA 9.

Tema 12.- Condicións de salubridade na edificación. DB-HS.

Tema 13.- Aforro de enerxía na edificación. DB-HE.

Tema 14.- A certificación de eficiencia enerxética.

Tema 15.- Condicións acústicas na edificación. Normativa técnica. DB-HR.

Tema 16.- Estruturas de formigón na edificación. EHE

Tema 17.- Normativa estatal vixente en materia de accesibilidade. Conceptos básicos. Real decreto 505/2007.

Tema 18.- Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados.

Tema 19.- Normativa autonómica vixente en materia de accesibilidade. Conceptos básicos. O Código de accesibilidade.

Tema 20.- O control de calidade na edificación. As entidades e laboratorios de control de calidade na edificación. Normativa autonómica. Esixencias de control de recepción e execución no Código técnico de edificación.

Tema 21.- Seguridade e saúde nas obras de construción. Real decreto 1627/1997.

Tema 22.- Organización de obras: técnicas de programación. Plan de obra. Control do proceso construtivo.

Tema 23.- Organización de obras: técnicas de programación PERT e GANTT. Plan de obra. Control do proceso construtivo.

Tema 24.- O contrato de obras: tipos de expedientes de contratación. Formas de adxudicación. Formalización do contrato. Comprobación da implantación.



- Tema 25.-** Execución do contrato de obras. Dereitos e deberes dos contratistas. Aboamentos ao contratista. Modificación do contrato de obras. Recepción e liquidación. Revisión de prezos.
- Tema 26.-** Medición e presupostos. Cadros de precios. Criterios de medición. Control xeométrico e cuantitativo das obras. Valoración das obras executadas. A certificación.
- Tema 27.-** Control da execución. Pregos de condicións técnicas. Control de calidade dos materiais e da execución. Laboratorios de control. Probas finais e recepción.
- Tema 28.-** A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e a Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese: obxectivos e principios xerais.



FASE 2.- B.2.2 BAREMACIÓN DE MERITOS DO POSTO

B.2.2.1.- BAREMACIÓN DE MÉRITOS POSTO Ref: PERS230101.- Arquitecto

B.2.2.2.- BAREMACIÓN DE MÉRITOS POSTO Ref: PERS230102.- Arquitecto Técnico



B.2.2.1.- BAREMACIÓN DE MÉRITOS POSTO Ref: PERS230101.- Arquitecto

CRITERIO	VALORACIÓN	DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA	PUNTUACIÓN MÁXIMA
1. Expediente académico	Ata 10 puntos (1)	Fotocopia simple do expediente académico	10
2. Másteres adicionais ao esixido na convocatoria	Ata 5 puntos por máster relacionados co posto requirido	Fotocopia simple do título	10
3. Acreditación experiencia no seguimento de obras de edificacións	6 puntos por ano en edificacións <u>non</u> residenciais 2 puntos por ano en edificacións residenciais	Certificados de empresa.	30
4. Acreditación coñecemento na elaboración e confección de proxectos baixo o Código Técnico de Edificación (CTE)	4 puntos por proxecto presentado en edificacións <u>non</u> residenciais 1 punto por proxecto presentado en edificacións residenciais	Certificados de empresa ou colexios profesionais	20
5. Acreditación certificado cursos metodoloxía BIM.	5 puntos por certificado de 100 horas no entorno das tres modalidades conxuntas de arquitectura, instalacións e estruturas. 2,5 puntos por certificado de 100 horas nas modalidades arquitectura, instalacións ou estruturas.	Fotocopia simple do certificado do curso	10
6. Acreditacións relacionadas co manexo de programas de debuxo no entorno 3D (Revit o similar) aplicado a metodoloxía BIM.	5 puntos por certificado de 60 horas.	Fotocopia simple do certificado do curso	10
7. Manexo nivel usuario programas de debuxo tipo autocad, paquete office, programas de medicións e presupostos asi como programas de cálculo de estruturas	2,5 puntos por paquete informático	Certificados de empresa	10
Puntuación máxima FASE 2			100



B.2.2.2.- BAREMACIÓN MÉRITOS POSTO Ref: PERS230102.- Arq.Técnico

CRITERIO	VALORACIÓN	DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA	PUNTUACIÓN MÁXIMA
1. Expediente académico	Ata 10 puntos (1)	Fotocopia simple do expediente académico	10
2. Másteres adicionais ao esixido na convocatoria	Ata 5 puntos por máster relacionados co posto requirido	Fotocopia simple do título	10
3. Acreditación experiencia no seguimento de obras de edificacións	10 puntos por ano en edificacións <u>non</u> residenciais 2 puntos por ano en edificacións residenciais	Certificados de empresa.	50
4. Acreditación coñecemento na elaboración e confección de proxectos baixo o Código Técnico de Edificación (CTE)	2 punto por proxecto presentado en edificacións <u>non</u> residenciais 1 puntos por ano en edificacións residenciais	Certificados de empresa ou colexios profesionais	10
5. Outras acreditacións co manexo de programas de debuxo no entorno 3D (Revit o similar) aplicado a metodoloxía BIM.	5 puntos por certificado de 60 horas.	Fotocopia simple do certificado do curso	10
6 Manexo nivel usuario programas de dibuxo tipo autocad, paquete office, programas de medicións e presupostos así como programas de cálculo de estruturas	2,5 puntos por paquete informático	Certificados de empresa	10
Puntuación máxima FASE 2			100



(1) Valoradas segundo as normas acordadas na Resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do protocolo de colaboración suscrito entre a consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos.

(2) A participación en proxectos valorarase en función da súa duración por proxecto e ano traballado, ponderándose proporcionalmente a súa duración por meses, no caso de ser inferiores a un ano. Só se computará un proxecto ou contrato por mes, independentemente da categoría na que se encadre o mesmo.

Xustificarase coa certificación da entidade onde participou, incluíndo as datas de inicio e fin da participación ou contrato de traballo onde figure expresamente o nome e código do proxecto e máis unha copia da vida laboral.

Ademais, aportarase unha descrición por proxecto asinada polo solicitante, de non mais dunha cara dun folio A4, onde se xustifique a relación co mesmo.

De non presentarse estes documentos, no prazo estipulado para a presentación de solicitudes, ou no prazo establecido para reclamacións tras a publicación da listaxe provisional de persoas admitidas, non poderá avaliarse a participación en proxectos.

(3) Para a valoración dos cursos nos que non se especifique o número de horas exactas ás que se solicitan nesta documentación, o cálculo para asignar a puntuación axeitada, deberá facerse proporcionalmente redondeando ao número enteiro inmediatamente superior.

(4) A experiencia práctica valorarase en función dos contratos de traballo presentados segundo a súa duración, ponderándose proporcionalmente a súa duración por meses.

Xustificarase coa certificación da entidade onde traballou, incluíndo as datas de inicio e fin do contrato de traballo onde figure expresamente a categoría profesional.

Ademais, aportarase unha descrición do traballo realizado en cada contrato de traballo asinado/a polo solicitante.

De non presentarse estes documentos, no prazo estipulado para a presentación de solicitudes, ou no prazo establecido para reclamacións tras a publicación da listaxe provisional de persoas admitidas, non poderá avaliarse este mérito.

No caso de que a documentación presentada permita a valoración dun mérito en máis de un criterio, se valorará unha sola vez no criterio máis favorable para a persoa aspirante ao posto.

B.3. Modelo de valoración de méritos para os diferentes postos.

Cada candidato deberá cubrir o seguinte modelo cos méritos aportados, indicando con claridade a referencia á documentación xustificativa aportada. Numeraránse as páxinas da documentación xustificativa e indicaráse en cada apartado o/s número/s de páxina/s que corresponde/n a cada xustificación. De non cubrirse axeitadamente esta información os méritos poderían non ser avaliados pola comisión.

B.3.1 Ref: PERS230101.- Arquitecto

CRITERIO	MÉRITOS ALEGADOS E PUNTUACIÓN	DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA
1. Expediente académico		
2. Másteres adicionais ao esixido na convocatoria		
3. Acreditación experiencia no seguimento de obras de edificacións		
4. Acreditación coñecemento na elaboración e confección de proxectos baixo o Código Técnico de Edificación (CTE)		
5. Acreditación certificado cursos metodoloxía BIM.		
6. Acreditacións relacionadas co manexo de programas de debuxo no entorno 3D (Revit o similar) aplicado a metodoloxía BIM.		
7. Manexo nivel usuario programas de debuxo tipo autocad, paquete office, programas de medicións e presupostos así como programas de cálculo de estruturas		



B.3.2 Ref: PERS230102 .- Arquitecto Técnico

CRITERIO	MÉRITOS ALEGADOS E PUNTUACIÓN	DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA
1. Expediente académico		
2. Másteres adicionais ao esixido na convocatoria		
3. Acreditación experiencia no seguimento de obras de edificacións		
4. Acreditación coñecemento na elaboración y confección de proxectos baixo o Código Técnico de Edificación (CTE)		
5. Outras acreditacións co manexo de programas de debuxo no entorno 3D (Revit o similar) aplicado a metodoloxía BIM.		
6 Manexo nivel usuario programas de dibuxo tipo autocad, paquete office, programas de medicións e presupostos asi como programas de cálculo de estruturas		